

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

16635 *Real decreto 598/2019, do 18 de outubro, polo que se regulan a composición e o funcionamento da Comisión interministerial de coordinación en materia de tratados e outros acordos internacionais.*

Tras un longo proceso iniciado na Constitución de 1978, as Cortes Xerais aprobaron a Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, que, de forma sistemática e actualizada, regula a actividade do Estado na materia e dá así resposta á globalización da comunidade internacional, ao correspondente desenvolvemento do dereito internacional contemporáneo e aos profundos cambios políticos e constitucionais vividos en España.

O artigo 3.2 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, dispón que a acción exterior dos órganos constitucionais, as administracións públicas e os organismos, entidades e institucións delas dependentes se rexerá polos seguintes principios: unidade de acción no exterior, lealdade institucional, cooperación e coordinación, planificación, eficiencia, eficacia e especialización, transparencia e servizo ao interese xeral. Estes principios inspiran o artigo 6 da mencionada Lei 25/2014, do 27 de novembro, que crea a Comisión interministerial de coordinación en materia de tratados e outros acordos internacionais (en diante, a Comisión), como órgano colexiado de intercambio de información e coordinación dos departamentos ministeriais, cuxa composición e funcionamento regula o presente real decreto.

Efectivamente, o principio de coordinación resulta tanto máis necesario canto máis crecente é a actividade exterior dos distintos departamentos e a capacidade de proxección exterior de comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, segundo o alcance determinado polo Tribunal Constitucional, e segundo o previsto expresamente na Lei de acción e do servizo exterior do Estado, encamiñada precisamente a lograr a unidade e coherencia interna na acción exterior.

Especialmente tratándose da celebración de tratados (*ius ad tractatum*), pero tamén da celebración e seguimento de todos os demais acordos internacionais e as actividades con dimensión exterior deles derivados, insistiu o Alto Tribunal na importancia de que o Estado exerza as funcións de coordinación da actividade exterior. A dita coordinación resulta fundamental tamén porque, na falta dela, poderían máis facilmente vulnerarse obrigacións contraídas ao abeiro do dereito internacional e incorrerse, por tanto, en responsabilidade internacional.

Por isto, unha vez creada pola Lei 25/2014, do 27 de novembro, a citada Comisión, resulta necesario determinar a súa composición e regular o seu funcionamento. Neste sentido, atribúese a presidencia rotatoria da Comisión ás persoas titulares da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da Subsecretaría de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Son vogais as persoas titulares das secretarías xerais técnicas departamentais ou do órgano ministerial, con rango de dirección xeral, con competencias en materia de negociación de tratados e acordos internacionais, segundo a designación que para tal efecto realice a persoa titular do departamento, así como a persoa titular da Dirección Xeral de Réxime Xurídico Autonómico e Local. Ademais, prevese a asistencia, con voz pero sen voto, das persoas titulares da Asesoría Xurídica Internacional e da División de Tratados e outros Acordos Internacionais, e considérase, adicionalmente, a posibilidade de que se incorporen representantes doutros órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, por invitación do presidente. Esta composición colexiada responde á necesidade

de que se produza a debida coordinación entre os diferentes suxeitos da acción exterior do Estado e aspira a facilitar a consecución do dito obxectivo.

Este real decreto respectou na súa elaboración os principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e adécuase en particular aos principios de necesidade e eficiencia, por canto constitúe o medio máis adecuado para a consecución dun fin de interese xeral como é a defensa de unidade de acción no exterior. En idéntica lóxica, este órgano adécuase aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia, e contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que hai que cubrir.

De conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación da Comisión como órgano colexiado interministerial, baixo a presidencia rotatoria das persoas titulares de dúas subsecretarías, e con funcións de seguimento e proposta, deberá revestir a forma de real decreto.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e do ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente real decreto establecer a composición e regular o funcionamento da Comisión interministerial de coordinación en materia de tratados e outros acordos internacionais, creada polo artigo 6 da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais.

Artigo 2. *Natureza e adscrición.*

1. De acordo co artigo 6 da Lei 25/2014, do 27 de novembro, a Comisión é un órgano colexiado de intercambio de información e coordinación dos departamentos ministeriais, ao cal corresponde, así mesmo, establecer a forma de facer efectiva a cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla con finalidade informativa, así como facer efectiva a súa participación no cumprimento dos compromisos internacionais formalizados por España.

2. A Comisión adscribese á Subsecretaría de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Artigo 3. *Composición.*

1. A composición da Comisión é a seguinte:

a) Presidencia: a Presidencia exercerana semestralmente con carácter rotatorio as persoas titulares da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da Subsecretaría de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. A primeira quenda semestral corresponde á persoa titular da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

b) Vicepresidencia: será exercida semestralmente con carácter rotatorio pola persoa titular dunha das dúas subsecretarías que, por quenda, non desempeñe a Presidencia semestral, e a primeira corresponde á persoa titular da Subsecretaría de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Corresponderá á Vicepresidencia substituír a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha outra causa xustificada.

c) Vogais: as persoas titulares das secretarías xerais técnicas departamentais ou do órgano ministerial, con rango de dirección xeral, con competencias en materia de negociación de tratados e acordos internacionais, segundo a designación que, para tal

efecto, realice a persoa titular do departamento, así como a persoa titular da Dirección Xeral de Réxime Xurídico Autonómico e Local. Os vogais poderán ser substituídos polas persoas titulares das direccións xerais designadas para tal efecto polos distintos departamentos ministeriais nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada.

d) Secretaría: recaerá na persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

2. Ás reunións da Comisión asistirán, con voz pero sen voto, a persoa titular da Xefatura da Asesoría Xurídica Internacional, así como a da División de Tratados e outros Acordos Internacionais, do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

3. En función do contido das materias que se traten poderán incorporarse ocasionalmente á Comisión, por invitación da Presidencia, representantes doutros órganos da Administración xeral do Estado, así como expertos nas ditas materias para que, con voz, pero sen voto, colaboren e asesoren a Comisión.

4. Da mesma forma, poderán ser convocados ocasionalmente representantes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, con finalidade informativa e para facer efectiva a súa participación no cumprimento dos compromisos internacionais formalizados por España, que participarán nas reunións con voz pero sen voto.

Artigo 4. *Funcións.*

Corresponde á Comisión:

a) Recibir e intercambiar información entre os distintos departamentos ministeriais e outros órganos da Administración xeral do Estado sobre os tratados e outros acordos internacionais celebrados e por celebrar.

b) Coñecer, con carácter semestral, a relación de informes a que se fai referencia no artigo 11.2 da Lei 25/2014, do 27 de novembro, co conxunto dos procesos de negociación cuxa apertura se propuxese, e que incluírá unha valoración sobre a oportunidade de cada un deles no marco da política exterior española. Estes informes elaboraraos o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación por iniciativa dos ministerios interesados, que deberán remitirle, periodicamente, a relación de procesos de negociación cuxa apertura propoñen.

c) Tomar coñecemento da relación dos tratados e outros acordos internacionais referidos na letra a) que, en virtude da Lei 25/2014, do 27 de novembro, e, en particular, dos artigos 23, 24, 25, 26, 27, 41, 42 e 48 da dita lei, deban remitirse ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, con indicación da data de remisión.

d) Para efectos do cumprimento da Lei 25/2014, do 27 de novembro, e en particular dos artigos 49 a 53 e disposicións adicionais sexta e sétima, recibir e tomar coñecemento da información referida na letra a) coa indicación, se for o caso, das comunidades autónomas concernidas. Igualmente, deberá recibir e tomar coñecemento dos acordos internacionais administrativos e dos non normativos que poidan celebrar as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais.

e) Proporcionar directrices en canto á forma que deben revestir os acordos internacionais e o contido xenérico que poidan incluír, atendendo á súa diferente tipoloxía.

f) Debater, cando proceda, sobre aqueles proxectos de tratados e outros acordos internacionais cuxa tramitación desde a súa autorización polo Consello de Ministros se vise paralizada durante máis de tres meses.

g) Decidir someter á Asesoría Xurídica Internacional calquera consulta relativa á celebración e seguimento de tratados e outros acordos internacionais. Esta función exercerase sen prexuízo do establecido nos artigos 52.3 e 53.3 da Lei 25/2014, do 27 de novembro.

h) Establecer a forma de facer efectiva a cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla con finalidade informativa.

i) Establecer a forma de facer efectiva a participación das comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla no cumprimento dos compromisos internacionais formalizados por España.

j) Promover a coordinación entre o ordenamento interno e aqueles proxectos de tratados e outros acordos internacionais en tramitación, por un lado, e promover a coherencia dos tratados e o ordenamento interno por outro, permitindo coñecer de antemán as consecuencias que poden derivar do contido dos tratados que se estean tramitando para o dereito interno.

k) Coordinar calquera outro aspecto relativo a tratados e outros acordos internacionais.

l) Aprobar as regras do seu funcionamento interno.

Artigo 5. *Funcións da Presidencia da Comisión.*

Corresponderá á Presidencia:

a) Acordar a convocatoria das sesións e a fixación da orde do día.
b) Presidir as reunións da Comisión.
c) Someter á Asesoría Xurídica Internacional calquera consulta relativa ao procedemento en materia de celebración e seguimento de tratados e outros acordos internacionais ou cantos aspectos sobre a materia considere conveniente.

d) Atendendo ás deliberacións da Comisión, impartir recomendacións para promover a coherencia entre o ordenamento interno e o internacional.

e) Realizar cantas actuacións considere convenientes para o adecuado cumprimento dos fins da Comisión establecidos no artigo 6 da Lei 25/2014, do 27 de novembro.

f) Exercer cantas outras funcións lle atribúan a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e as normas de funcionamento interno aprobadas en virtude do artigo 4.l) deste real decreto e calquera outra disposición que resulte aplicable.

Artigo 6. *Funcións dos vogais da Comisión.*

Corresponderá aos vogais:

a) Participar nas reunións da Comisión.

b) Proporcionar á Comisión a información do seu departamento ministerial relativa aos acordos que se conclúsen, que se encontren en tramitación ou que pretendan celebrarse referidos no artigo 4. O dito intercambio de información levarase a cabo ao menos cada seis meses e sempre que o solicite a Secretaría da Comisión, por instancia da Presidencia de quenda. Para efectos da súa posta en común na correspondente reunión da Comisión, cada vogal remitirá á Presidencia e á Secretaría da Comisión unha relación actualizada que deberá incluír os tratados, acordos internacionais administrativos e acordos internacionais non normativos que fosen subscritos no semestre anterior, así como aqueles que se encontren en curso de tramitación ou se teña intención de subscribir, xa sexa polo propio departamento ou, se for o caso, por outros suxeitos de dereito público, conforme o disposto no artigo 44 da Lei 25/2014, do 27 de novembro, cos cales exista vinculación ou conexión por razón da materia. A remisión deberá facerse electronicamente cunha antelación de, ao menos, cinco días hábiles antes de que teña lugar a reunión da Comisión.

c) Propor á Presidencia cantos asuntos consideren convenientes para a súa inclusión na orde do día das reunións da Comisión.

d) Dar traslado das directrices emanadas da Comisión aos respectivos departamentos ministeriais.

e) Velar polo cumprimento das directrices, decisións e consideracións emanadas da Comisión nos respectivos departamentos ministeriais.

f) Cantas outras funcións lles atribúa a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

g) No caso da persoa titular da Dirección Xeral de Réxime Xurídico Autonómico e Local, corresponderanlle unicamente as funcións previstas nas letras a), c) e f) anteriores.

Artigo 7. *Funcións da Secretaría da Comisión.*

Corresponderá á Secretaría:

- a) A remisión da convocatoria das reunións da Comisión aos seus membros por orde da Presidencia.
- b) A recepción de solicitudes para a inclusión dun asunto na orde do día das reunións da Comisión e a súa comunicación á Presidencia.
- c) A custodia e posta á disposición das directrices aprobadas pola Comisión en relación coa forma que deben revestir os acordos internacionais e o contido que poidan incluír, atendendo á súa diferente tipoloxía.
- d) A recepción e recompilación de información periódica sobre os acordos internacionais que se conclúsen, que se encontren en tramitación ou que pretendan concluírse por parte da Administración xeral do Estado e doutros organismos, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e das entidades locais.
- e) A remisión periódica aos membros da Comisión, para a información destes, da relación enviada ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para efectos de rexistro, de acordos internacionais concluídos pola Administración xeral do Estado e outros organismos, incluíndo os acordos internacionais administrativos e os acordos internacionais non normativos, e dos acordos internacionais administrativos e os acordos internacionais non normativos concluídos por parte das comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais.
- f) A realización de cantas accións resulten necesarias para dar cumprimento ás funcións da Comisión que determine a Presidencia.
- g) A elaboración dunha acta de cada reunión da Comisión e a súa correspondente remisión aos seus membros.
- h) O desempeño de cantas outras funcións lle atribúa a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 8. *Funcionamento da Comisión.*

En canto ao sistema de decisión no seo da Comisión, observarase o establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo do seu desenvolvemento por unha norma posterior.

1. A Comisión reunirse ao menos unha vez cada seis meses. A Comisión poderá, así mesmo, reunirse cando o soliciten ao menos dous vogais e así o decida a Presidencia de quenda ou cando as circunstancias o aconsellen e así o decida a Presidencia de quenda.
2. As decisións da Comisión serán tomadas por maioría simple dos seus membros.
3. Sen prexuízo das disposicións establecidas no presente real decreto e, se for o caso, nas súas regras de funcionamento interno, as convocatorias da Comisión, así como o réxime de constitución, de adopción de acordos e de celebración das sesións, axustarase ao previsto en materia de órganos colexiados nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 9. *Grupos de traballo.*

Para o mellor desempeño das súas funcións, a Comisión poderá crear grupos de traballo. Os grupos de traballo formaranse con empregados públicos especializados que, para o efecto, designen os respectivos ministerios. A súa constitución e regras de funcionamento determinaraas a Comisión.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación do presente real decreto non suporá incremento do gasto. As medidas incluídas no presente real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán xerar incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Confidencialidade.*

As negociacións no curso dun tratado son confidenciais. En ningún caso os labores atribuídos á Comisión e, en particular, o acceso á información das negociacións en curso dun tratado poden afectar a dita confidencialidade.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento e execución.*

Habílitate o titular do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para, no ámbito das súas competencias, adoptar as resolucións e realizar as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Oviedo o 18 de outubro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade
CARMEN CALVO POYATO